

PLAN ESTRATÉGICO

**GALEGO** DE

RESPONSABILIDADE

**SOCIAL EMPRESARIAL**

(2012-2014)

XUNTA DE GALICIA




# Índice

01. INTRODUCCIÓN	04
02. XUSTIFICACIÓN DO PLAN	08
03. CONTIDO DO PLAN	08
04. PROPOSTA DE MEDIDAS A INCLUÍR NO PLAN	12
4.1. <b>Obxectivo 1:</b> Formación, coñecemento e difusión da Responsabilidade Social.	13
4.2. <b>Obxectivo 2:</b> Fomento da RSE para incrementar o número de empresas socialmente responsables.	19
4.3. <b>Obxectivo 3:</b> Impulsar unha Administración Pública galega máis responsable socialmente.	24
4.4. <b>Obxectivo 4:</b> Coordinación, impulso, seguimento e avaliación do Plan Estratéxico.	27



4



## 01. Introducción

A actividade empresarial, as empresas e os seus grupos de interese cumpren un papel imprescindible na sensibilización e na aceptación da responsabilidade social empresarial (en adiante, RSE) e no seu desenvolvemento.

Hoxe, os empresarios e empresarias están cada vez máis convencidos de que o éxito comercial e os beneficios duradeiros para o seu accionariado non se obteñen unicamente cunha maximización dos beneficios a curto prazo, senón cun comportamento orientado ao mercado, pero responsable, vinculado, como non podía ser doutro xeito, á viabilidade da propia actividade empresarial.

Progresivamente, un maior número de empresas son conscientes de que poden contribuir ao desenvolvemento sustentable orientando as súas operacións co fin de favorecer o crecemento económico e aumentar a súa competitividade, ao tempo que garanten a protección do ambiente e fomentan a responsabilidade social, incluídos os intereses dos consumidores.

En todo caso, a RSE constitúe un obxectivo común, perfectamente asumible en termos de corresponsabilidade por parte de todos os actores que, dun xeito directo ou indirecto, contribúen á súa efectividade: empresa e organizacións empresariais, persoas traballadoras e organizacións sindicais, poderes públicos, consumidores



e os propios accionistas da mesma, así como calquera outro que influía ou se vexa influído pola súa actividade. Só a través deste esforzo común será unha realidade.

Lograr que a sociedade en xeral siga percibindo a empresa como xeradora de valor supón un reto constante, non só para as propias empresas, senón tamén para os poderes públicos e todos os seus grupos de interese, e tamén onde as medidas de RSE desempeñan un papel fundamental.

O enfoque estratéxico da RSE céntrase no suposto de que os mercados recompensarán as iniciativas de RSE das empresas. Polo tanto, é fundamental propiciar incentivos se se quere potenciar a RSE. A sensibilización a formación da cidadanía para que actúe como investidora e consumidora responsable é unha das vías abertas ao terceiro sector da economía para potenciar a RSE.

A responsabilidade social corporativa (RSC) ou responsabilidade social da empresa (RSE) é a integración, por parte das empresas, das preocupacións sociais e ambientais nas súas operacións comerciais e nas súas relacións cos seus interlocutores, dun xeito voluntario.

En Galicia, nos últimos anos e de maneira incipiente, leváronse a cabo iniciativas de fomento da RSE, sendo destacable a sinatura no diálogo social, en febreiro de 2007, dun primeiro "Acordo a favor da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia".

Así mesmo, cóntase desde hai dous anos cun Observatorio Galego da RSE, accesible á cooperación cos axentes económicos e sociais e co conxunto da sociedade galega, a través do que se detectou que en Galicia, en xeral, as empresas declaran ter un grao



de coñecemento sobre a RSE relativamente baixo, e que canto maior é a empresa, maior é o seu coñecemento, e sendo que este tipo de empresas pequenas ou medianas son as que conforman o tecido empresarial maioritario de Galicia, evidénciase a necesidade de promover un maior coñecemento sobre a RSE, sobre todo neste tipo de empresas, así como de deseñar unha estratexia dirixida non só ao tecido empresarial galego na que a RSE incorpore valores que xeren emprego, viabilidade e competitividade, senón tamén dirixida ás administracións públicas e á sociedade en xeral.

A responsabilidade social fai referencia á excelencia das organizacións e das persoas que as dirixen e das que traballan nelas.

As estratexias baseadas na RSE e integradas de xeito coherente na xestión empresarial poden contribuir de modo positivo a diversos ámbitos do seu funcionamento e desempeño. Podemos distinguir entre as vantaxes de carácter interno:

- . A fidelización do persoal á empresa.
- . A mellora da motivación e da produtividade no traballo.
- . O aumento da cualificación e capacidades dos empregados e das empregadas.
- . O fomento dun clima de confianza e transparencia nas relacións laborais.
- . A fidelización da súa clientela.
- . O maior potencial de innovación.
- . Ou a mellora da competitividade, entre outras.





E vantaxes de carácter externo como:

- . A mellora da imaxe e a reputación.
- . O reforzo das relacións coas comunidades locais.
- . A mellora das relacións cos medios de comunicación.
- . Ou, a contribución positiva a un desenvolvemento sustentable, entre outras.

É precisamente nestes momentos de dificultade económica cando as empresas deben manter a responsabilidade social e ambiental como elemento de diferenciación que achegue valor engadido á sociedade e á competitividade das empresas.

Informes e barómetros recentes publicados pola Unión Europea parecen indicar que as empresas que presentan maiores condicións para esta diferenciación e competitividade son precisamente as que involucran nos seus modelos de xestión a todas as partes interesadas. Isto, sumado ás vantaxes que a RSE ten nos resultados económicos e de competitividade das empresas, pon de manifesto a súa importancia.

As medidas de RSE poden incorporarse aos modelos de xestión empresarial, sexa cal sexa o sector no que desenvolven a súa actividade as empresas. Existen moitas posibilidades para o fortalecemento da responsabilidade social; a súa incorporación poderase facer de maneira gradual e progresiva segundo as diferentes características e necesidades empresariais, o contexto xeográfico no que desenvolven a súa actividade e o seu tamaño.



Este Plan desenvólvese en liña co que acontece no conxunto de Europa, onde a Comisión Europea se comprometeu a renovar a estratexia da Unión Europea para promover a responsabilidade social corporativa como parte da estratexia da “Europa 2020” para o crecemento sustentable, intelixente e incluínte.


E de aí a necesidade deste PLAN ESTRATÉXICO GALEGO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (2012-2014).

## 02. Xustificación do Plan

A responsabilidade social empresarial (RSE) é un concepto, unha forma de actuar, que leva xa un tempo ocupando espazo tanto no debate político, como no empresarial e social. De feito, na Comunidade Autónoma de Galicia asinou-se un acordo entre o Goberno da Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia a prol da responsabilidade social empresarial, no que se establecen unha serie de principios de actuacións programáticas que agora, máis ca nunca, neste momento de crise, necesitan dun impulso dun desenvolvemento, polo que parece oportuno abordar un Plan Estratéxico de RSE que teña como reto que as empresas, as organizacións e a Administración adopten unha serie de valores que lles sirvan para que saian máis fortalecidas desta situación.

## 03. Contido do Plan

O Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia propón unha serie de obxectivos e accións para as em-







presas, as organizacións, a propia Administración e para toda a sociedade, que se aplicarán durante o período de vixencia do Plan. Neste senso, é importante sinalar que o Plan Estratégico Galego de Responsabilidade Social Empresarial se articula en torno aos seguintes obxectivos xerais:

**Obxectivo 1:** FORMACIÓN, COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL.

A definición deste obxectivo ten como finalidade que a sociedade e a opinión pública en xeral coñezan que é a responsabilidade social empresarial e que comprendan a importancia e os beneficios de actuar de forma socialmente responsable mediante os seguintes obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 1.1:** Impulsar a formación sobre os contidos e a metodoloxía da responsabilidade social empresarial.

**Obxectivo específico 1.2:** Promover a investigación e os estudos sobre a RSE.

**Obxectivo específico 1.3:** Fomentar a difusión e a implantación de accións de RSE.

**Obxectivo 2:** FOMENTO DA RSE PARA INCREMENTAR O NÚMERO DE EMPRESAS SOCIALMENTE RESPONSABLES.

A definición deste obxectivo ten como finalidade que as políticas públicas se dirixan a crear un marco axeitado para a incorporación de prácticas socialmente respon-





10



sables por parte das empresas mediante os seguintes obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 2.1:** Impulsar a formación sobre os contidos e a metodoloxía da responsabilidade social empresarial.

**Obxectivo específico 2.2:** Impulsar programas e axudas para as empresas no proceso de implantación da responsabilidade social.

**Obxectivo específico 2.3:** Impulsar a RSE nas convocatorias de subvencións e nos contratos públicos.

**Obxectivo específico 2.4:** Promover o coñecemento e o recoñecemento social ás empresas galegas máis destacadas no ámbito da RSE.

**Obxectivo específico 2.5:** Fomentar a transparencia informativa das accións de responsabilidade social por parte das empresas galegas.

**Obxectivo específico 2.6:** Promover nas empresas e nas entidades privadas a implantación de boas prácticas laborais, ambientais e enerxéticas.

**Obxectivo específico 2.7:** Fomentar a igualdade entre homes e mulleres en todos os planos de actividade da empresa.

**Obxectivo 3:** IMPULSAR UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA MAIS RESPONSABLE SOCIALMENTE.





A definición deste obxectivo ten como finalidade que a Administración galega incorpore, a todos os seus niveis, autonómico e local, os principios da responsabilidade social á planificación, á implementación e á avaliación do conxunto de actividades que desenvolve, con especial fincapé no ámbito dos recursos humanos, e de xeito que a actuación pública sirva como exemplificante para as actuacións que, en materia de responsabilidade social, poidan desenvolver outros axentes sociais mediante os seguintes obxectivos específicos:


**Obxectivo específico 3.1:** Fomentar na Administración Autonómica galega políticas de recursos humanos socialmente responsables.

**Obxectivo específico 3.2:** Promover na Administración Pública Autonómica o desenvolvemento de actuacións e boas prácticas en materia ambiental e enerxética.

**Obxectivo específico 3.3:** Fomentar o desenvolvemento de actuacións socialmente responsables por parte das distintas administracións competentes a nivel local.

**Obxectivo 4:** COORDINACIÓN, IMPULSO, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.

A definición deste obxectivo ten como finalidade asegurar o desenvolvemento das medidas previstas no Plan en termos do nivel de execución, do cumprimento dos seus obxectivos e da consecución de resultados, así como do grao de implicación e participación dos departamentos e



entidades colaboradoras na súa implementación efectiva. Igualmente, busca dotar o Plan dos instrumentos precisos para que o seu seguimento e a súa avaliación sexan factibles e faciliten información útil no proceso de toma de decisións, na incorporación, de ser o caso, de actuacións de mellora de reaxuste, e tamén na previsión de cales deben ser as liñas estratéxicas de acción en materia de responsabilidade social, unha vez remate o periodo temporal de implementación do Plan mediante os seguintes obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 4.1:** Promover a creación e o mantemento de equipos de traballo para o impulso e a coordinación estratéxica e operativa do Plan.

**Obxectivo específico 4.2:** Fomentar o desenvolvemento de actuacións destinadas a realizar un seguimento e unha avaliación continuada do Plan que acheguen información destacada en relación co nivel de execución das medidas previstas nel, co cumprimento de obxectivos e a consecución de resultados, co grao de participación de departamentos implicados e entidades colaboradoras, coa toma de decisións e coa definición de futuras liñas de acción.

## 04. Proposta de medidas a incluir no Plan

Tal e como se sinalou anteriormente, as medidas ou accións do Plan Estratéxico agrúpanse baixo catro obxectivos fundamen-

tais, dos que se promoverá a súa consecución mediante a definición de obxectivos específicos e medidas para a súa posta en marcha operativa, nos que será prioritario potenciar criterios de RSE vinculados aos diferentes grupos de interese cos que se relaciona a empresa (accionistas, consumidores e usuarios, traballadores, etc.), partindo das distintas experiencias e das boas prácticas desenvolvidas no marco da RSE e incluíndo as que teñan orixe nos diferentes ámbitos de negociación das medidas de RSE.

#### **4.1. Obxectivo 1: FORMACIÓN, COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL**

O Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial (2012-2014) pretende conseguir, a través do seu obxectivo primeiro, FORMACIÓN, COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL, que a sociedade e a opinión pública en xeral coñezan que é a responsabilidade social empresarial e que comprendan a importancia e os beneficios dunha actuación socialmente responsable. A consecución deste obxectivo xeral artellarase a través da definición dun total de 3 obxectivos específicos, cada un dos cales promoverá a posta en marcha de medidas e programas para o seu desenvolvemento operativo.



**Obxectivo específico 1.1:** Impulsar a formación sobre os contidos e a metodoloxía da responsabilidade social empresarial.

##### Medidas:

**1.1.1** Realización de cursos, seminarios ou xornadas formativas sobre responsabilidade social empresarial, destinados a persoas e entidades que desenvolven a súa acti-



vidade profesional no ámbito laboral e empresarial e tamén ao conxunto de axentes socioeconómicos e á sociedade en xeral.

1.1.2 Elaboración de material didáctico para a realización de actividades formativas en materia de RSE.

**Obxectivo específico 1.2:** Promover a investigación e os estudos sobre a RSE.

**Medidas:**

1.2.1 Inclusión do estudo da responsabilidade social nas distintas etapas educativas, de xeito transversal e mediante o desenvolvemento de contidos didácticos e módulos específicos, en función da etapa educativa e segundo a materia da formación da que se trate.

1.2.2 Colaboración das universidades, escolas empresariais e centros educativos especializados para que incorporen estudos de RSE dirixidos ao futuro empresariado, persoal de xerencia, de dirección, etc.

1.2.3 Creación de bolsas de investigación para persoas pertencentes ao sistema universitario galego destinadas ao desenvolvemento de estudos e doutras accións en materia de investigación nas distintas áreas vinculadas á responsabilidade social (igualdade, ambiente, traballo, etc.).

1.2.4 Participación da Administración Autónoma, mediante a achega de recursos, nomeadamente financeiros, en proxectos de investigación destinados á análise de factores clave en materia de responsabilidade social empresarial.





**Obxectivo específico 1.3:** Fomentar a difusión e a implantación de accións de RSE.

**Medidas :**

**1.3.1** Impulso do Observatorio Galego da Responsabilidade Social Empresarial, fomentando a cooperación dos axentes económicos e sociais e do conxunto da sociedade galega.

O Observatorio será unha ventá aberta ás novidades máis importantes en relación:

- . Co desenvolvemento da responsabilidade social empresarial: recollerá os avances na implantación da RSE nas empresas galegas, as recomendacións e os documentos de interese nesta materia.

- . E tamén, en relación coa identificación de áreas ou experiencias concretas que melloren a través da RSE a capacidade de competir, de diferenciarse e de posicionarse das nosas empresas: novos modelos de negocios e de xestión empresarial e a súa vinculación coa RSE, a mellora na xestión de custos mediante prácticas eficientes de RSE, a mellora da produtividade laboral a través de experiencias de RSE ou a innovación en novos produtos e servizos con impacto social, entre outros.

O Observatorio Galego da RSE, terá, entre outros, os seguintes obxectivos:

- . Contribuír á clarificación de conceptos ao proporcionar información veraz sobre o concepto e as prácticas de responsabilidade social.



. Dotar as empresas que queiran, efectivamente, crear a responsabilidade social dun elemento práctico de orientación e eficaz de referencia.

. Vincular estas iniciativas cunha xestión eficiente, de maneira que fomenten os obxectivos de competitividade e produtividade que deben asumir as empresas. Para iso, promóvese a súa concepción como políticas transversais que, desde o núcleo da propia actividade empresarial, se trasladan aos seus diferentes procesos e sistemas de xestión.

. Facilitar a adaptación de posibles iniciativas neste ámbito ao sector produtivo da empresa, ao seu tamaño e ao contexto xeográfico no que opera, con especial atención ás pemes.

. Permitir un avance gradual, tendo en conta as diferentes situacións de partida e o nivel de desenvolvemento que a empresa pode alcanzar en relación cos seus distintos grupos de interese.

. Propiciar un recoñecemento e unha identificación das prácticas de responsabilidade social xa existentes, que poden considerarse contribucións notables que reforzan a achega de actividade empresarial ao conxunto de sociedade (por exemplo: a conciliación da vida familiar e profesional, as pautas ambientais, os sistemas de xestión de calidade, etc.).

. Achegar transparencia ás actuacións das empresas neste ámbito de maneira que poidan facer visible e crible o progreso realizado.







1.3.2 Recopilación de boas prácticas e edición e difusión de guías de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE.

1.3.3 Elaboración e difusión de manuais para a realización de diagnoses organizacionais en materia de RSE.

1.3.4 Elaboración e difusión de manuais para redacción de plans de actuación para a implantación de actuacións en materia de RSE.

1.3.5 Celebración de campañas publicitarias de difusión e sensibilización sobre a RSE, contidos e a importancia da súa implantación efectiva, dirixidas a:

- a) Mellorar a comprensión do concepto de responsabilidade social empresarial, organizando actividades informativas e de sensibilización da cidadanía e do conxunto dos actores sociais.
- b) Apoiar as iniciativas dos distintos actores sociais e institucionais que favorezan o mellor coñecemento da responsabilidade social empresarial.

1.3.6 Desenvolvemento de recursos na Rede para a promoción da RSE: creación dun espazo web especializado en RSE no que estean dispoñibles as principais novas e contidos producidos nesta materia (convocatorias de axudas, eventos e actividades formativas, guías, manuais e material didáctico...).



1.3.7 Promoción da RSE en asociacións de carácter xeral, organizacións e na sociedade a través do desenvolvemento de actuacións específicas tales como:

a) A incorporación como criterio de valoración, nas ordes reguladoras das convocatorias de axudas e subvencións autonómicas en réxime de concorrència competitiva a asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, do desenvolvemento de actuacións socialmente responsables. Esixirase que a finalidade perseguida coa incorporación de medidas socialmente responsables (sociais, ambientais...) teña relación directa coa axuda ou subvención.

b) A posta en marcha de actuacións informativas en materia de RSE coincidindo coa celebración de eventos destacados (por exemplo, a instalación de expositores informativos en feiras, congresos e outros eventos nos que esta prevista unha alta concentración de público).

1.3.8 Desenvolver actuacións a favor do consumo responsable:

a) Fomentar a integración dos principios de responsabilidade social nas políticas de consumo.

b) Promover a información dirixida aos consumidores sobre o consumo cívico ou responsable.

c) Apoiar as iniciativas de fomento da responsabilidade social empresarial realizadas polas organizacións e institucións de defensa dos dereitos dos consumidores.



d) Fomentar a utilización do etiquetado como ferramenta distintiva do cumprimento de criterios sociais e ambientais, promovendo a produción cívica ou responsable.

1.3.9 Promoción do coñecemento e do intercambio de experiencias e boas prácticas en materia de responsabilidade social empresarial entre as empresas.

#### **4.2.Obxectivo 2:** FOMENTO DA RSE PARA INCREMENTAR O NÚMERO DE EMPRESAS SOCIALMENTE RESPONSABLES

A finalidade principal do obxectivo segundo, FOMENTO DA RSE PARA INCREMENTAR O NÚMERO DE EMPRESAS SOCIALMENTE RESPONSABLES, do Plan Estratéxico de Responsabilidade Social de Galicia, é que as políticas públicas se dirixan a crear o marco axeitado para a incorporación de prácticas socialmente responsables por parte das empresas. Neste senso, o Plan prevé a posta en marcha dun conxunto de medidas estruturadas en torno aos seguintes 7 obxectivos específicos:



**Obxectivo específico 2.1:** Impulsar a formación sobre os contidos e a metodoloxía da responsabilidade social empresarial.

##### **Medidas:**

2.1.1 Celebración de accións formativas, cursos, xornadas e seminarios especializados, destinados a traballadores e traballadoras e empresarios e empresarias galegas e persoal directivo en materia de responsabilidade social.

**Obxectivo específico 2.2:** Impulsar programas e axudas para as empresas no proceso de implantación da responsabilidade social.



#### Medidas:

2.2.1 Subvencións ás pemes para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2.2 Establecemento dunha liña de axudas específica para a posta en marcha de proxectos piloto innovadores nas empresas galegas en materia de responsabilidade social empresarial.

2.2.3 Establecemento de beneficios fiscais para empresas socialmente responsables.

2.2.4 Desenvolvemento de actuacións de difusión das liñas de axudas existentes para a promoción de actuacións en materia de RSE e daqueles proxectos subvencionados conforme ás mesmas máis destacados.

2.2.5 Desenvolvemento dun programa para titorar proxectos innovadores de RSE en pequenas e medianas empresas galegas.

2.2.6 Implantación dun recoñecemento formal naquelas empresas que contan cun sistema integral de xestión que recolla aspectos de RSE referidos aos seus recursos humanos, aos seus provedores e ao seu contorno.

**Obxectivo específico 2.3:** Impulsar a RSE nas medidas de apoio, nas convocatorias de subvencións e nos contratos públicos.

### Medidas:

2.3.1 Contribuir a un avance progresivo da RSE, tendo en conta a viabilidade e a competitividade empresarial, na incorporación de aspectos sociais e ambientais, nos procedementos de contratación pública ou nas convocatorias de subvencións ou de medidas de apoio, establecendo como limite as estipulacións do marco regulador vixente. Esixirase que a finalidade perseguida coa incorporación das medidas sociais ou ambientais teña relación directa co obxecto do contrato, medida de apoio ou subvención.

No caso de esixencias sociais, estas deberán responder a necesidades definidas nas especificacións do contrato correspondente, propias das categorías da poboación especialmente desfavorecidas ás que pertencen os usuarios ou beneficiarios dos fins ou prestacións obxecto do contrato.

2.3.2 As liñas de fomento da Xunta á expansión internacional das empresas valorarán o mantemento da actividade industrial e do emprego en Galicia.

2.3.3 Responder ás consecuencias da reestruturación empresarial con plans de recolocación e de reindustrialización, de ser o caso, así como o deseño de plans sociais para aqueles sectores con circunstancias que así o demanden, será obxecto de valoración prioritaria para a Administración galega, sen esquecer, en ningún caso, que a formación permanente na empresa dos traballadores e traballadoras para aumentar a súa empregabilidade facilita a súa reinserción laboral, constituindo así un elemento definidor dunha empresa responsable socialmente.





**Obxectivo específico 2.4:** Promover o coñecemento e o recoñecemento social ás empresas galegas máis destacadas no ámbito da RSE.

**Medidas:**

2.4.1 Establecemento dunha convocatoria anual dos premios GALICIA EMPRESA RESPONSABLE, destinados á posta en valor daquelas actuacións e empresas galegas, ou que contén con centros de traballo en Galicia, máis destacadas pola súa actividade socialmente responsable.

2.4.2 Elaboración e difusión dunha memoria anual dos premios GALICIA EMPRESA RESPONSABLE na que se recollan as iniciativas e/ou empresas finalistas nas distintas categorías establecidas nos premios.

**Obxectivo específico 2.5:** Fomentar a transparencia informativa das accións de responsabilidade social por parte das empresas galegas.

**Medidas:**

2.5.1 Establecemento dunha liña de axudas para a elaboración e difusión de memorias de sustentabilidade.

2.5.2 Apoio da Administración para que as empresas galegas socialmente responsables se adhiran ás marcas ou aos estándares recoñecidos oficialmente (Pacto Mundial, GRI, EFR, ISO 26000, EMAS, etc.) e creación dun rexistro público para a súa difusión efectiva.

**Obxectivo específico 2.6:** Promover nas empresas e entidades privadas a implantación de boas prácticas laborais, ambientais e enerxéticas.



#### Medidas:

2.6.1 Implantación de medidas orientadas á promoción da flexibilidade horaria que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, así como para a racionalización dos horarios de traballo.

2.6.2 Promoción de axudas específicas para a mellora e renovación de instalacións e equipos de cara a incrementar o aforro e a eficiencia enerxética.

2.6.3 Promoción de axudas específicas para a implantación de enerxías renovables en centros de traballo.

2.6.4 Promoción de medidas de mobilidade sustentable entre os traballadores e traballadoras (reforzo de liñas de transporte público en polígonos industriais e outras áreas xeográficas caracterizadas pola alta concentración de centros de traballo, creación de ferramentas para o impulso da utilización conxunta de medios de transporte privados...).

**Obxectivo específico 2.7:** Fomentar a igualdade entre homes e mulleres en todos os planos de actividade da empresa.

#### Medidas:

2.7.1 Promoción da liña de axudas a empresas en materia de igualdade en relación coa Lei galega 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia:

. Axudas para a implantación de plans de igualdade.

. Axudas para actuacións tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados prioritariamente por homes.



. Axudas para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

2.7.2 Promoción da posta en marcha de recursos orientados á conciliación da vida familiar e laboral en polígonos industriais e áreas xeográficas caracterizadas pola alta concentración de centros de traballo (escolas infantís, puntos de atención á infancia, centros educativos con horario ampliado...).

#### 4.3. Obxectivo 3: IMPULSAR UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA MÁIS RESPONSABLE SOCIALMENTE

O Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial (2012-2014) pretende conseguir, a través do seu obxectivo terceiro, IMPULSAR UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA MÁIS RESPONSABLE SOCIALMENTE, que a Administración galega incorpore, a todos os seus niveis, autonómico e local, os principios da responsabilidade social á planificación, implementación e avaliación do conxunto de actividades que desenvolve, con especial fincapé no ámbito dos recursos humanos e de xeito que a actuación pública sirva como exemplificante para as actuacións que, en materia de responsabilidade social, poidan desenvolver outros axentes sociais. A consecución deste obxectivo xeral artellarase a través dos seguintes 3 obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 3.1:** Fomentar na Administración Autonómica galega políticas de recursos humanos socialmente responsables.

**Medidas:**

3.1.1 Establecemento de medidas para a racionalización dos horarios de traballo.







3.1.2 Promoción do deseño do emprego, dentro dos diversos departamentos da Xunta de Galicia, de instrumentos de participación que redunden nunha mellor comunicación interna do persoal ao seu servizo e favorezan, particularmente, o intercambio e a transferencia de boas prácticas no eido da responsabilidade social.

3.1.3 Promoción da mellora dos coñecementos e formación do persoal, en especial do persoal directivo ao servizo da Administración Pública Autonómica, en materia de responsabilidade social mediante a realización de campañas de sensibilización e a elaboración e implementación de programas de formación específicos nesta materia.

**Obxectivo específico 3.2:** Promover na Administración Pública Autonómica o desenvolvemento de actuacións e boas prácticas en materia ambiental e enerxética.


#### Medidas:

3.2.1 Inclusión na oferta formativa anual para o persoal ao servizo da Administración Pública Autonómica, das sociedades públicas e doutros organismos dependentes, de accións formativas específicas en materia de protección ambiental e eficiencia e aforro enerxético.

3.2.2 Desenvolvemento dun plan de mellora da eficiencia enerxética das instalacións, edificios e equipos da Xunta de Galicia e organismos dependentes: diagnose, revisión e renovación de instalacións e equipos.

3.2.3 Desenvolvemento e difusión dun decálogo de boas prácticas en materia ambiental e aforro enerxético destinado





ao persoal ao servizo da Administración Pública Autónoma.

3.2.4 Promoción da administración electrónica: implantación progresiva, sensibilización e difusión dos beneficios vinculados a esta.

**Obxectivo específico 3.3:** Fomentar o desenvolvemento de actuacións socialmente responsables por parte das distintas administracións competentes a nivel local.

**Medidas:**

3.3.1 Elaboración e difusión dun manual-guía de apoio para a redacción, implementación e avaliación de plans municipais de responsabilidade social.

3.3.2 Elaboración e difusión de catálogos de boas prácticas de responsabilidade social desenvolvidas por parte de entidades pertencentes á Administración Local galega.

3.3.3 Creación e mantemento dun punto de información destinado á achega de asesoramento ao persoal ao servizo da Administración Local galega en relación coas actividades de redacción, implementación e avaliación de plans locais de responsabilidade social.

3.3.4 Inclusión na oferta formativa anual para o persoal ao servizo da Administración Pública Local, de sociedades públicas e doutros organismos dependentes, de accións formativas en materia de responsabilidade social empresarial.

#### 4.4. Obxectivo 4: COORDINACIÓN, IMPULSO, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.

O Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial (2012-2014) pretende conseguir, a través do seu obxectivo cuarto, COORDINACIÓN, IMPULSO, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO, asegurar o desenvolvemento das medidas previstas no Plan en termos do nivel de execución, do cumprimento dos seus obxectivos e da consecución de resultados, así como do grao de implicación e participación dos departamentos e entidades colaboradoras na súa implementación efectiva. Igualmente, busca dotar o Plan dos instrumentos precisos para que o seu seguimento e a súa avaliación sexan factibles e faciliten información útil no proceso da toma de decisións, na incorporación, de ser o caso, de actuacións de mellora e na previsión das liñas estratéxicas de acción en materia de responsabilidade social, unha vez remate o período temporal de implementación do Plan. A consecución deste obxectivo xeral artellarase a través dos seguintes dous obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 4.1:** Creación dunha Comisión de Seguimento para o impulso e a coordinación estratéxica e operativa do Plan.

##### Medidas:

4.1.1 Constitución dunha Comisión de Seguimento para a coordinación estratéxica do Plan. Esta comisión estará integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do mesmo e será a responsable de efectuar a planificación xeral das actuacións precisas para poñer en marcha as distintas medidas e asegurar a consecución dos seus obxectivos.





**Obxectivo específico 4.2:** Fomentar o desenvolvemento de actuacións destinadas a realizar un seguimento e unha avaliación continuada do Plan que acheguen información destacada en relación co nivel de execución das medidas previstas, co cumprimento de obxectivos e a consecución de resultados, así como coa participación de departamentos implicados e entidades colaboradoras, coa toma de decisións e coa definición de futuras liñas de acción.

**Medidas:**


**4.2.1** Elaboración de instrumentos para a recollida de datos en relación coas medidas previstas no Plan en termos de información relevante para a súa avaliación posterior (indicadores, orzamento, entidades participantes, etc.).


**4.2.2** Desenvolvemento de actuacións de recollida de información conforme aos instrumentos elaborados.

**4.2.3** Realización de accións de análise e diagnose da información recollida e elaboración de informes anuais de seguimento.

**4.2.4** Desenvolvemento de actuacións para a recondución de posibles desviacións e disfuncionalidades atopadas a través das accións de análise e diagnose.

**4.2.5** Elaboración dun informe final de avaliación de resultados, desenvolvemento de medidas, obxectivos acadados, impactos producidos pola implementación do Plan e identificación das liñas prioritarias de intervención para o futuro en materia de responsabilidade social.





PLAN ESTRATÉGICO **GALEGO** DE  
RESPONSABILIDADE  
**SOCIAL EMPRESARIAL**  
(2012-2014)



XUNTA  
DE GALICIA

galicia